



PRIMEIRA ACTA DO COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE NARÓN

Narón, 29 de xuño de 2022, sendo as 12:00 horas.

PRIMEIRO.- CONSTITUCIÓN DO COMITÉ

En virtude do acordado polo Decreto da alcaldía-presidencia deste Concello de data 28 de xuño de 2022, constitúese o Comité Antifraude do Concello de Narón, coa asistencia presencial/telemática das seguintes persoas:

PRESIDENTE

- D. Román Romero Franco, Concelleiro de Seguridade Cidadá, SPEIS e Facenda (que a presidirá).

VOCAIS

- D. Alfonso de Prado Fdez-Canteli, Secretario Xeral do Concello.
- D. Pablo Freijomil Ojea, Interventor Acctal.
- D^a Carolina López Sequeiro, Tesoureira Acctal.
- D. Alejandro Fernández Cortés, Xefe do servizo de Contratación e Obras Públicas.
- D. Manuel Rodríguez Álvarez, Xefe do Departamento de Administración e Xestión de Servizos Dixitais.
- D. Manuel Guillermo Antón Villamil, Director de Programas Europeos e Planificación Local.
- D^a Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario.
- D. Jairo Orjales Sande, Técnico de Servizos Básicos.
- D^a Marina Sueiras Rodríguez, Xefa da Sección de Deportes.
- D. Luciano Fernández Vicente, Director Técnico do Padroado de Cultura.

SECRETARIA

- D^a Maria de los Ángeles Manteiga Fulgueira, Xefa do Servizo de Organización e RRHH (que asumirá a Secretaría do Comité);

SEGUNDO.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DO RÉXIME DE XUNTANZAS

Con carácter ordinario o Comité Antifraude deberá reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para coñecer os asuntos que lle son propios. Ademais destas reunións de carácter ordinario, poderá reunirse en calquera momento con carácter extraordinario, cando algún dos seus membros así o solicite á persoa encargada de realizar a convocatoria.



A convocatoria será realizada por parte da Secretaría da Comisión. A convocatoria deberá ser realizada cunha antelación de 48 horas e deberá ir acompañada dunha orde do día dos asuntos a tratar.

De cada unha destas reunións elevarase a oportuna acta que deberá ser lida e aprobada polos membros do Comité na xuntanza seguinte á súa celebración, sendo asinada pola presidencia e a secretaría do mesmo.

TERCEIRO.- FUNCÍONS DO COMITÉ

De acordo co borrador do Plan de Medidas Antifraude e de Prevención de Riscos do Concello de Narón que o Concello Pleno ten previsto aprobar no mes de xullo deste ano, serán funcións propias desta unidade o deseño da estratexia de loita contra a fraude sobre a que se elabora ese Plan, o seu seguimento, actualización e avaliación do seu resultado; así como as propias funcións de control da xestión en canto á comprobación e análise dos expedientes identificados de risco e, no seu caso, a proposta de medidas específicas.

En particular corresponderá a este Comité:

1. A avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar as posibles fraudes.
2. A definición da política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir e perseguir os intentos de fraude.
3. A concienciación e formación ao/do resto de persoal municipal.
4. A apertura dun expediente informativo ante calquera sospeita de fraude, solicitando canta información se entenda pertinente ás unidades involucradas nesta, para a súa oportuna análise.
5. A resolución dos expedientes informativos incoados, ordenando o seu posible arquivo, no caso de que as sospeitas resulten infundadas, ou a adopción de medidas correctoras oportunas se se chega á conclusión de que a fraude realmente non se produciu.
6. Informar á Alcaldía-Presidencia e á Secretaría Xeral da Corporación das conclusións alcanzadas nos expedientes incoados e, se é o caso, das medidas correctoras aplicadas.
7. Subministrar a información necesaria ás entidades ou organismos encargados de velar pola recuperación dos importes indebidamente recibidos por parte dos beneficiarios, ou incoar as conseguíntes sancións en materia administrativa e/ou penal.
8. A levanza dun rexistro das mostraxes realizadas, das incidencias detectadas e dos expedientes informativos incoados e resoltos.
9. A elaboración dunha memoria anual comprensiva das actividades realizadas polo Comité Antifraude no ámbito da súa competencia.



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

CUARTO.- IDENTIFICACIÓN E METODOLOXÍA PARA A AVALIACIÓN DE RISCOS

En cumprimento das funcións sinaladas, e unha vez identificadas as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de incumprimento (información operativa, regulatoria, ética, pouco confiable) ou prácticas fraudulentas dentro da organización, acórdase proceder á cuantificación e á avaliación inicial dos riscos, baseada nunha combinación dunha estimación da “probabilidade” do risco (en que medida é probable que suceda) e o seu “impacto” (que consecuencias pode ter).

Esta avaliación inicial do risco do fraude se repetirá con carácter anual; se ben poderá esixirse con periodicidade inferior ante circunstancias que así o aconsellen (vid. aparición de cambios normativos ou organizativos, ou circunstancias novidasas ou mesmo a detección de puntos débiles ante a fraude). Así mesmo o Comité acorda que a avaliación de riscos dirixirase inicialmente aos procesos clave da organización municipal no seu conxunto e aqueles que se consideran mais vulnerables, sen prexuízo da posibilidade de estendelos a outros nun futuro próximo, se os houbera. Non obstante e considerando que a maior parte dos fondos públicos – e particularmente os provintes do MRR - xestionaranse precisamente a través do recurso á actividade de fomento (a través de axudas e subvencións), e coa realización de inversións mediante a contratación de obras, subministros ou servizos; os riscos determinados atinxen precisamente aos que poden darse nestes ámbitos, quedando fixados – sen carácter exhaustivo- os seguintes:

Ámbito	Risco
Contratación	Risco de incorrer en sesgos derivados de situacións de conflito de interese
Contratación	Risco de adxudicación directa por mal uso de adquisicións menores
Contratación	Risco de adxudicación directa por uso indebido da contratación exclusiva
Contratación	Risco de especificacións acordadas para favorecer a determinados licitadores
Contratación	Risco de manipulación de ofertas
Contratación	Risco de estender os contratos existentes para evitar a licitación
Contratación	Risco de non ser responsables por incumprimentos do contrato
Contratación	Risco de realizar pagos de prestacións facturadas que non cumpran coas condicións estipuladas no contrato
Contratación	Risco de non detectar alteracións no servizo contratado durante a execución
Contratación	Risco de recibir servizos deficientes ou de menor calidade que os ofrecidos polo adxudicatario
Contratación	Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adxudicación directa



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

Ámbito	Risco
Contratación	Risco de violación do secreto das propostas ou alteración das ofertas con posterioridade a súa presentación
Contratación	Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre os contratos que se prevé realizar
Contratación	Risco de trato preferente aos licitadores mediante o establecemento de prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adxudicación
Contratación	Risco de deseñar pregos imprecisos con marxes de discreción innecesarios
Contratación	Risco de consideración inadecuada dos criterios de solvencia
Contratación	Risco de consideración non axeitada de criterios subxectivos
Contratación	Risco de demanda de bens e servizos que non satisfagan unha necesidade real
Contratación	Risco de non detectar prácticas anticompetitivas ou colusorias
Subvencións	Risco de incorrer en sesgos derivados de situacións de conflito de interese
Subvencións	Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación de la normativa sobre subvenciones.
Subvencións	Riscos de ocultar información coa obriga de remitir á administración
Subvencións	Riscos de facturas falsas
Subvencións	Riscos de custos laborais falsos.
Subvencións	Custos laborais incorrectamente prorrateados ou duplicados en diferentes proxectos.
Subvencións	Gastos reclamados en traballos de calidade insuficiente.
Subvencións	Risco de dobre financiación.
Subvencións	Risco de aplicación dos fondos a fins distintos daqueles para os que foron outorgados

Unha vez identificados os posibles riscos procederase coa seguinte metodoloxía que se reflicte nas seguintes táboas:

Probabilidade de ocorrencia:

Valor	Probabilidade	Factores de graduación
9	Alto	Habitual
8		Todos os anos de forma moi recorrente
7		Cada ano de forma recorrente
6	Medio	Cada ano mais dunha vez
5		Frecuencia anual (unha vez ao ano)
4		Ocasional (menos dunha vez ao ano)
3		Menos dunha vez cada dous anos



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

2	Baixo	Remoto. Menos dunha vez cada tres anos
1		Case nunca

Severidade do impacto:

VALOR	GRAVIDADE	FACTORES DE CLASIFICACIÓN
9	Alto	Mal uso de cargas ou fondos públicos e tamén hai un beneficio particular. Evidencia de infraccións penais ou administrativas graves que causen dano reputacional á institución.
8		Incumprimento de obxectivos estratéxicos que afecten a imaxe institucional ou a prestación de servicios.
7		Uso irregular de cargos, fondos o medios públicos con dano patrimonial significativo.
6	Medio	Indicación de infraccións penais ou administrativas menos graves con impacto moderado na imaxe da institución.
5		Outras infraccións das normas administrativas.
4		Uso irregular no uso de medios públicos sen dano patrimonial significativo.
3	Baixo	Indicación de infraccións penais ou administrativas leves que causen danos menores á imaxe institucional reversibles no curto prazo.
2		Incumprimento dos obxectivos operativos.
1		Irregularidades administrativas que non impliquen incumprimento de normas ou dano á propiedade.

Medidas que reducen el riesgo:

Nivel de implementación dos controis existentes	Diminución do risco inicial
N1_Sen medidas: A medida non existe, alo menos ata onde existe o coñecemento	0
N2_Medidas parciais: A medida existe, pero non se implementa ou é ineficaz	1
N3_Medidas parciais: A medida existe, pero non é completamente efectiva	2



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

N4_Con medidas: A medida existe, e se considera efectiva	3
---	----------

Resultado de risco:

Puntuación lograda	Grado de risco final
Igual ou menor a 3	Baixo
Maior que 3 e menor que 7	Moderado
Igual ou maior a 7	Elevado

Probabilidade / Gravidade	Baixo	Medio	Alto
Alto	Moderado	Elevado	Elevado
Medio	Baixo	Moderado	Elevado
Baixo	Baixo	Baixo	Moderado

QUINTO.- AVALIACIÓN DE RISCOS

Trasladada a metodoloxía anterior aos riscos anteriormente expostos, procédese á efectiva gradación dos mesmos no ámbito do Concello de Narón, quedando determinada como segue:

CONTRAT.	Prob.	Grav.	RI	RF	Result.	Medidas que reducen o risco
Risco de incorrer en sesgos derivados de situacións de conflito de interese	6	6	6	4	Moder.	Declaración de ausencia de conflitos de interese en todos os membros das mesas de contratación. Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflito de intereses. Contratos abertos menores con publicidade-Instrución Negociado de Contratación. Sistema de alertas que reporta a concentración de contratos en provedores
Risco de adjudicación directa por mal uso de adquisicións menores	8	7	7,5	5,5	Moder.	Verificación por Intervención de sinais de fraccionamento. Establecemento de bandeiras vermellas cando o contrato menor supera os 5 contratos durante o mesmo ano co mesmo provedor. Revisión periódica de concentración de contratos en provedores.



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

CONTRAT.	Prob.	Grav.	RI	RF	Result.	Medidas que reducen o risco
Risco de adjudicación directa por uso indebido da contratación exclusiva	5	7	6	3	Baixo.	Informe do centro de xestión sobre a exclusividade. Declaración xurada do licitador na que conste a devandita exclusividade.
Risco de especificacións acordadas para favorecer a determinados licitadores	6	7	6,5	5,5	Moder.	Verificación das especificacións pola Intervención, ou no seu caso por entidades independentes.
Risco de manipulación de ofertas	1	6	3,5	0,5	Baixo	Uso xeneralizado da ferramenta VORTAL e sistemas de encriptación de ofertas. Aprobación prevista nos pregos da posibilidade de prórroga dos contratos. Revisión pola Secretaría Xeral e pola Intervención.
Risco de estender os contratos existentes para evitar a licitación	9	7	8	8	Elevado	Aprobación por instancia superior ao proponente.
Risco de non ser responsable por incumprimentos de contrato	7	8	7,5	5,5	Moder.	Previsión nos pregos de cláusulas que permitan a aplicación de sancións automáticas en caso de incumprimento.
Risco de realizar pagos de prestacións facturadas que non cumpran coas condicións estipuladas no contrato	4	7	5,5	2,5	Baixo	Velar pola axeitada segregación de funcións para que o responsable de pago das facturas non sexa o mesmo que da cumprimento ás condicións estipuladas no contrato.
Risco de non detectar alteracións no servizo contratado durante a execución	7	5	6	5	Moder.	Designar un responsable do contrato que reúna garantías de independencia co contratista e coa cualificación técnica adecuada para exercer a debida supervisión do contrato. Serán preferentemente empregados públicos do propio Concello de Narón con coñecementos especializados na materia.
Risco de recibir servizos deficientes ou de menor calidade que os ofrecidos polo adjudicatario	8	5	6,5	4,5	Moder.	Facer constar no expediente, mediante informe técnico ou no propio recibo, declaración expresa sobre o cumprimento daquelas características do servizo que se contemplaron na adjudicación do contrato (melloras, condicións especiais de execución, por exemplo).
Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adjudicación directa	8	4	6	6	Moder.	Especificar nos pregos aqueles parámetros obxectivos en base aos cales se considera que a proposta non pode cumprirse.



NARÓN



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

CONTRAT.	Prob.	Grav.	RI	RF	Result.	Medidas que reducen o risco
Risco de violación do secreto das propostas ou alteración das ofertas con posterioridade a súa presentación	1	9	5	2	Baixo	Uso de licitacións electrónicas.
Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre os contratos que se prevé realizar	4	8	6	3	Baixo	Publicación no perfil do contratante da planificación de contratación que o Concello de Narón ten previsto realizar ao longo do ano.
Risco de trato de favor a determinado(s) licitador(es) ao establecer as prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adxudicación	6	7	6,5	5,5	Moder.	Verificación de especificacións pola intervención, ou no seu caso por unha entidade independente.
Risco de deseñar Pregos imprecisos, con marxes de discreción innecesarios	7	4	5,5	3,5	Moder.	Controis da Secretaría Xeral e da Intervención. Remisión a manuais de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de Riscos.
Risco de consideración inadecuada dos criterios de solvencia	5	5	5	2	Baixo	Controis da Secretaría Xeral e da Intervención. Remisión a manuais de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de Riscos.
Risco de avaliación inadecuada de criterios subxectivos	1	7	6	4	Moder.	Eliminación / Redución de criterios subxectivos. Remisión a manuais de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de Riscos.
Risco de demanda de bens e servizos que non satisfagan unha necesidade real	5	8	6,5	6,5	Moder.	Remisión a manuais de procedemento de contratación coas medidas do catálogo de Riscos.
Risco de non detectar prácticas anticompetitivas ou colusorias	6	7	6,5	5,5	Moder.	Requirimento de traslado do expediente á Comisión da Competencia cando a Mesa de Contratación estime que existen indicios fundados de colusión.

SUBVENCIÓNS	Probabilidade	Gravidade	RI	RF	Resultado	Medidas que reducen o risco
Risco de incorrer en sesgos derivados de situacións de conflito de interese	6	6	6	4	Moderado	Declaración de ausencia de conflitos de interese en todos os membros das comisións avaliadoras. Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflito de intereses.



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

SUBVENCIONES	Probabilidade	Gravidade	RI	RF	Resultado	Medidas que reducen o risco
Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa sobre subvencions	1	9	5	3	Baixo	Compromiso de sometemento á normativa de concesión. Revisión de bases pola Secretaría General e pola Intervención. Uso de modelos harmonizados.
Riscos de ocultar información coa obriga de remitir á administración	6	6	6	5	Moderado	Verificación cruzada de documentos de respaldo de diferentes fontes. Verificación de información de BD de organismos públicos e rexistros mercantís.
Riscos de facturas falsas	1	7	4	2	Baixo	Verificación cruzada de BD. Inspección no lugar. Comprobacións de documentos electrónicos.
Riscos de costes laborais falsos	1	7	4	4	Moderado	Comparación de facturas con contratos e nómina e tempo de traballo. Fixación dun límite ao importe dos custos de persoal subvencionados.
Costos laborais incorrectamente prorrateados ou duplicados en diferentes proxectos	4	7	5.5	5.5	Moderado	Verificar proxectos e datos de referencia cruzada de diferentes proxectos.
Gastos reclamados en traballos de calidade insuficiente	4	7	5.5	5.5	Moderado	Solicitud de probas adicionais.
Risco de dobre financiación	1	4	2.5	2.5	Baixo	Comprobacións cruzadas de bases de datos.
Risco de aplicación dos fondos a fins distintos daqueles para os que foron outorgados	1	4	2.5	2.5	Baixo	Controis sobre o terreo.

Cualificación de Risco inicial (RI): cualificación de Risco sen considerar as medidas de control existentes

Cualificación Final de Risco (RF): Cualificación do Risco unha vez avaliadas as medidas de control existentes.



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

SEXTO.- DACIÓN DE CONTA DAS SOLICITUDES EFECTUADAS POLO CONCELLO DE NARÓN E POLO PADROADO DE CULTURA EN CONCEPTO DE SUBVENCIÓNS VINCULADAS COS FONDOS NEXT GENERATION EU

Dáse conta das seguintes solicitudes:

1. Actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal:

Entidade convocante	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda			
Bases	ORDE de 30 de novembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K)			
Servicio promotor	Servicios Externos			
Obxecto	Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ ou dixestión anaerobia). Adquisición de contenedores de materia orgánica, caldeiros biorresiduos e bolsas compostables. Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ). Programa de compostaxe doméstica			
Financiación inicial	Liña	Concello	Xunta	Total
	1	24.119,55 €	70.024,50 €	94.144,05 €
	2	3.535,55 €	10.264,50 €	13.800,05 €
Fecha concesión	22/06/2022			
Importe concedido	Liña 1: 70.024,50 € Liña 2: 10.264,50 €			
Prazo xustificación	30/11/2022			

2. Actuacións en materia de residuos de competencia municipal:

Entidade convocante	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda			
Bases	ORDEN de 1 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022 (código de procedemento MT975J)			
Servicio promotor	Servicios Externos			
Obxecto	Liña 1: Aceites: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo á valorización para a obtención de biocarburante. Liña 3: Puntos limpos móbiles: proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos			



	especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa comunidade autónoma.			
Financiación inicial	Liña	Concello	Xunta	Total
	1	3.430,35 €	9.147,60 €	12.577,95 €
	3	13.020,00 €	37.800,00 €	50.820,00 €
Fecha concesión	- NON CONCEDIDA A DÍA DE HOXE			
Importe concedido	-			
Prazo xustificación	30/11/2022			

3. Mellora de coleccións bibliográficas en formato físico

Entidade convocante	Consellería de Cultura, Educación e Universidade		
Bases	ORDEN de 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT235A)		
Servicio promotor	Servicio Sociocomunitario		
Obxecto	Mellora de coleccións Bibliográficas		
Financiación inicial	Concello	Xunta	Total
	0,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €
Fecha concesión	17/06/2022		
Importe concedido	6.204,00 € (dotación ampliada, DOG del 19 de maio de 2022)		
Prazo xustificación	31/10/2022		

4. Modernización de los sistemas de iluminación dixital

Entidade convocante	Axencia Galega das Industrias Culturais		
Bases	RESOLUCIÓN de 16 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sostible das infraestruturas das artes escénicas e musicais ao amparo dos fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT404E)		
Servicio promotor	Padroado de Cultura		
Obxecto	Modernización dos sistemas de iluminación dixital		
Financiación inicial	Padroado	Xunta	Total
	52.534,67 €	50.000,00 €	102.534,67 €
Fecha concesión	04/05/2022		
Importe concedido	40.144,09 €		



Prazo xustificación	01/12/2022
---------------------	------------

SÉTIMO.- MEDIDAS DE COORDINACIÓN

A efectos de coordinar e asegurar un adecuado control na execución dos fondos Next Generation EU, acórdase que os servicios promotores darán traslado á Secretaría Xeral e á Intervención do Concello en canto teñan coñecemento de calquera convocatoria que resultara de interese municipal, do expediente asociado á tramitación das axudas, no que deberán constar, con carácter mínimo os seguintes datos:

- Bases ou disposición xeral que regula a convocatoria.
- Memoria, proxecto ou informes que preceden á solicitude de axuda.
- Plan de financiación inicial previsto.
- Acordo de solicitude adoptado polo órgano municipal competente.
- Resolucions de concesión o denegación das axudas, xa sexa a través do correspondente Diario Oficial ou mediante notificación individualizada.
- Documentos que, no seu caso, acrediten a aceptación da subvención e a formalización do correspondente instrumento de formalización.

O anterior traslado enténdese sen prexuízo das actuacións incluídas no borrador do Plan Antifraude, das tarefas propias deste Comité antifraude, da posibilidade de consulta á Secretaría Xeral en relación á aplicación dos fondos, ou da obriga de consultar ao Servicio de Contratación en relación ás obrigas relativas á documentación contractual que integrará os expedientes de contratación, a causa da financiación con estes fondos.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 13:05 horas da data indicada ut supra.